

Semántica desorde

*¿Por qué decir con palabras
o que non puedo escribir?*

Conxugar pretéritos verbos
alfabetos sen orde
deixar pendurados siloxismos
profanar estériles participios.

Versos apegados ao padal
remoendo rimas incesantes
seiva de árbores xenealóxicos
dunha linguaxe que non nos pertence .

*Por qué decir con palabras
o que non puedo evitar?*

O lume que me devasta
no incendio dos adeuses
marchar non soños dos teus días
na cinza que esparexa o teu recordo.

*¿Por qué decir con palabras
o que non puedo esquecer?*

Océanos perdidos na memoria
nos salobres silencios dos teus beixos
na area mollada do teu ventre
da sempre desexada singradura.

Berro no gume dunha áncora
cravada no remuíño do teu peito
nas temporas que claman na intemperie
na imperfecta liña do horizonte.

*¿Por qué decir con palabras
a sintáctica orde da linguaxe
a semántica desorde do sentimento?*

Amar é esquecer o que nunca aprendemos
Amar é reflectirse nas augas dun deserto
Amar é un mar a piques de verterse
Amar é un verbo espido de pronomes
Amar é sucumbir na humidade dos teus beizos
Amar é un verte e afundirme nun naufraxio

**É o amor
Soamente o amor
Quen nos fai libres**

A.Pociña

Se puidese elixir un punto cardinal
para nacer, escollería o norte, forte e frío
de lenes cómaros entre chuvias mestas.

Se puidese elixir un punto cardinal
para amarte, escolllería o sur, maino e quente,
de eternas chairas ó vagar do sol.

Se puidese elixir un punto cardinal
para morrer, escolllería a túa boca, calorosa e amante,
de bicarnos por sempre baixo a póla da roseira.

Nas raizames do océano

Coma un compás labrado cos restos dun naufraxio
errado nun nortello designio magnético
agardo por ti cada tarde baixo a solaina
dunha casa, nunha rúa mollada das aforas
coas paredes tinguidas de xiz branca.

Non espero máis que observar a sombra tenue
que deixa o teu paso na xeada do granito,
o son sinfónico dos teus zapatos acharoados
que verten as pingas da chuvia nun ordenado vagar.

Lembrar os teus pes descalzos na marea
cando o sol cubría de reflexos a epiderme
coma unha estaca cravada nas raizames do océano
retornando en cada golpe contra as rochas.

Coma nun ritual de animal ferido, sen rumbo
agardo por ti cada tarde baixo a solaina
observando quedo o tapiz anacarado do desexo
precipitado nos cantís xeométricos do teu corpo.

Tan só pídolle á vida
que os meus fillos brinden cunha bagoa
na festa da saudade do meu funeral
que os benqueridos amigos entoen unha cantiga
no intre de acougar os meus osos.

Tan só pídolle á vida
mirar de fronte os ollos do pasado
e ver escintilar unha estrela
coma luz acesa no marco dunha porta
que agarda confortar o cansazo dun viaxeiro.

Tan só pídolle á vida
saldar as contas pendentes
sentir a calor da meixela da esposa
mentres recolle os derradeiros desexos
amoreados nunha sinfonía de soños.

Tan só pidolle á morte
non ter demasiada esixencia
-No momento acordado-
cando dos meus beizos fuxa o último salouco.

Testamento da derrota

Terás que elixir ben a artesa
Na que han descansar os meus ósos
cando chegue o momento de dilapidar a alma
cando o perdón dos deuses domee o meu tempo.

Terás que finxir un salouco lene e tristeiro
unha dor serena esgazando o silencio
desprovista de balorentos templos
nos que ídolos de lava agardan o abandono.

Nestes ollos ruzos de lizgaira mirada
acoutados nas estames dos teus beizos
derrubando os valados do teu corpo
-como nao tralo naufraxio-
acharás o camiño que non soubo agardarte
na presencia do celme dunha patria
loitada nun recendo de conquistas.

Interino na epiderme do desexo
ei volver embebido e desprovisto
como escuma esvarando nos cantís
que amolece o meu terror polo abandono.

No murmurio do reloxo
perdurado contra a tarde
na que todas as horas adormecen
enlease o tempo enfeitizado,
deixando un sabor gorentoso a acedo viño
macerado nos grolos da nostalxia
nos velenos que afogan o berro
que pula por saír coma un verso
testemuña do pranto da palabra.

No tempo que empregas en pronunciar meu nome
empurrrando as sílabas nun sustido sosego
alcanzo a plenitude, o éxtase
o devezo de ter sido teu alimento,
(adobiado con prohibidas especias),
a auga que procuran os teus beizos
que a penas se mostran para gozalos.

Verterse todo en ti
coma un xarope de delicias prohibidas
vagaroso beberte en doces grolos
coma fonte nun peito que se axita
abrazar gorentoso a túa sombra
profanar o templo que é o teu corpo
paraíso reservado aos pecadores
o xemer deste mar que te fecunda.

Haberá outros tempos
nos que agradar sexa un estado de excepción,
cando as buguiñas das alarmas
esperten o aterecido día,
cando todo sexa innumerable,
cando non quede máis remedio que sentir
a agonía das horas esvarando
nos torsos derramados
nos soles dos estíos,
cando ecoen as palabras
que deixamos por decir,
cando as voces que nos unen
sexan tan alleas.

Haberá outros tempos
cando o abafante silencio
non nos deixe calar,
cando as horas de vixilia
sexan a viaxe
do retorno ao necesario.

Teremos que facer un grande esforzo
por repartir esta encarnada noite
que na mudez desta luz iluminada
soterra os silencios máis escuros.

Buscar a rima precisa
que inmóbil separa cada verso
na procura do tempo silenciado
fuxindo desta entrega tan lonxana.

Teremos que pensar na madrugada
que fendas más profundas asolagan
a razón deste mar que nos separa.

Buscar nos regos da memoria
a ofrenda dos ventres xa saciados
na arxila que moldea esta evidencia
de termos por sempre entrelazados.

Será a desculpa o gozo
devecendo do alimento do teu corpo
de ficar por sempre mutilado.

De posuirte enteira como eras
terei que elixir un anaco do teu corpo
desvestindo poro a poro a túa epiderme
apalpando cada liña do trenzado
que conforman os aromas que eu anceio.

¿Cómo achar a saída do labirinto
da túa plenitude?

¿Cómo perderse no roteiro
do teu desexo?

De posuirte enteira como eras
terei que invocarte
intimamente procurarte.

Saberemos do tempo
pola mudez das palabras
que as apalpadas
quixeras silenciar.

Saberemos do tempo
pola fame dos corpos
que na ceda hora
quixeras invocar.

Saberemos do tempo
pola calidez do desexo
que na inxusta derrota
quixeras saciar.

Saberemos do tempo
por esquecer a memoria
que na agonía dos soños
quixeras mutilar.

Saberemos do tempo
Polo teu silencio

Pola túa invocación

Pola túa saciedade

Pola túa mutilación.

Non tiña máis de quince anos

Non tiña máis de quince anos
cando descubrín a fereza do amor.

Non tiña máis de quince anos
cando sentín a dor da soidade

Non tiña máis de quince anos
cando descifrei o alfabeto dunha mirada.

Non tiña máis de quince anos
cando me aprendiches a linguaxe da traizón.

Non teño mais de corenta anos e áinda non entendo o idioma
do desexo
do sentimento
da revolución sen cuspir consignas
da militancia do amor sen bandeiras
do sentimento agochado tras unha pancarta
das siglas ás que honrar nun altar.

Non teño más idade que a necesaria
E non sei como dicir que te amo.

Que ecoe nas ruinas

Peitearei a túa perruca de anzois
con argazos tinguidos de zume do teu corpo
clandestinos de ter profanado a túa fronteira
de femia ferida, violentada, chea de auga.

Ei de agardar o estalido da semente
que agachas xubilosa na trabe do teu ventre
no trasluz que conforman as coxas esquecidas
transformadas en árbores estériles
na liña da paisaxe nunca máis xustificada.

Achégate a min, entregada
no remuíño da escuma do desexo
do salitre que cubre a epiderme
dun corpo no gume dun agoiro.

Berra o meu nome de amante bêbedo
que ecoe nas ruínas dos lenzos decadentes
nos trazos que deixan os teus beizos
cando me negas por última vez.

Unha fervenza de caricias
esvarando entre as túas mans-auga
lixadas de arxila quente
modeladas na escuma
inmóbiles na presencia.
Unha morea de goces
alfabeticamente ordenados :
beizos,
nádegas,
peitos,
pube...

Estrelamar

Medrarei para derrotarte
envolto no oco que deixa a túa sombra
de pérfida torre animosa e granítica.

Ei de fuxir para empreñarte
de nostalxia nos socalcos que deixa o teu corpo
de fera salvaxe rabuñando as veas.

Fareime cazador para acurralarte
húmida de desexo esvarando pola túa epiderme
de femia entregada ao celo perpetuo.

Manterei as pálpebras incorruptibles
para ver escintilar os teus ollos no solpor
de besta estacional sudoral e esvaradía.

Vagaroso recollerei os restos do naufraxio
que é o teu amor de crisálida
estourando na lava do teu gozo
de estrelamar pendurada no baluarte
que conforman os beixos ainda adebedados.

Non é xusto agardar quedo pola morte
cando a vida fuxe axiña entre os días.

Non é xusto desprezar fachendoso a morte
cando a vida resolve ecuacións inexactas.

Non é xusto termar inquedo da man da morte
cando a vida apura cada sorbo de felicidade.

Non é xusto falar medorento da morte
cando a vida tece tapices de sorrisos.

Non é xusto agardar un final feliz
cando a morte non sabe da existencia da vida.

E han chegar os tempos da tristura
Cando os días apremen os contornos do infinito
Sumidos nunca inmensa chaira de nostalxia.

E será entón cando votemos de menos
Non ter aproveitado ata o último instante
Cando a mirada dos fillos sexa un tormento
Cando os días apremen os contornos do infinito.

Sobre lenzos musicados pintar as notas
dunha sintonía mesturada de cores
arpexos declarados de amores fuxidos
nos sons que ecoan nas catedrais da ausencia.

Sobre sabia incombustible das árbores do pasado
percorrer cada poro do teu maino desexo
lenemente evitado en cada envite amoroso

Fondo sur

Ás veces síntome só, só ás veces,
outras síntome abafado pola multitude
pero estou só, sempre só, ás veces só.

Cando camiño abeirando ás rúas, pola noite,
síntome só, e hai moita xente,
xente soa, nunha rúa soa, nunha soa dirección.

No estadio, un só bruído, un só cántico,
todos xuntos e eu tan só,
cando te miro, na bancada só, e ti
soa na miña mirada.
quérote
estou tan só.

Se tivese que escudarme nunha mentira
non diría que te amo
diría que te pertenzo
que son escravo da túa presencia.

Cando escarvo na area da memoria
os recordos foxen como morcegos nunha cova
e eu, silente, encadeado a ti,
diría que te pertenzo
que son escravo dos teus recordos.

Se tivese que admitir unha verdade
non diría que te odio
diría que te pertenzo
que son escravo do teu amor.

**A Memoria:
A memoria é unha tarde de neve
Esculpida no ceo**

Estevo Creus

LEMBRANZA

Gustariáme escribir no meu libro de recordos
o arrecendo da xeada das mañas de inverno
cando as bufaradas quentes do teu alento
esvaraban entre as lenes liñas dos teus beizos.

Gustariáme gravar nas páxinas da lembranza
a música dos aterecidos paseos do estío
entre o murmurio calado do zume das árbores
abeiradas na estrada nun túmulo de sombras.

Gustariáme pintar nos lenzos da memoria
cada anaco do teu corpo no espertar preguiceiro
na quentura das sabas un domingo de inverno
cando non hai máis prioridade que mergullarse nun beixo.

Gustariáme reposar a cabeza no teu ventre de deusa
na cova do teu embigo pendurar un salouco
de atopar o nacemento de sons silandeiros
nunha quente mañá de agosto.

Gustariáme esculpir na pedra do pasado
as apertas entre salaios de amada incomprendida
cando eu, amante amador desnortado
fuxía á procura dun compás para namorados.

NO FINAL

Xa non temos tempo para máis agardar,
nin pacencia para ver de pasar as horas,
nin espacio no que achegranos uns ós outros.

Xa non nos quedan anos para esperar,
nin folgos para subir as pendentes costas,
nin amigos cos que compartir os derradeiros minutos.

Xa non nos quedan fillos ós que lles aprender
as últimas leccións da vida,
nin carreiros polos que pasear nas tardes de inverno.

A vida, esvárase entre as areas da praia,
coma a marea que deixa marcadas as penas.

Os anos esculpen as enrrugas do pasado;
e o presente... non é máis que iso, o presente,
un parecer que vai e volve; e ó final,
o pasado crebadizo e perenne
coma unha folla silandeira que mece o vento
nunha chaira de lembranzas, de árbores pétreos,
coma a alma convertida en argueiro
que se espalla livianamente no final que desafia ó tempo.

*E será sempre abril
cando eu estea espida
por entre as augas
dun rio novo.*

A TÚA PRESENCIA

Helena V.Janeiro

Dende as pétreas formas do Cabo Prior
cando a mañá non é más que chuvia
e o ceo xúnguese coa terra nunha mesta chaira,
agardote submiso,

espreitando entre as ondas a sombra dos teus pasos,
agochado tralo teu recordo,
fundido en cada golpe de mar.

Dende os lenes cómaros de Marraxón
cando a tarde non é más que vento
e a mar espéllase nas nuboeiras paisaxes dunha terra estralecida,
agardote submiso,

para ver de acharte no alborozo das árbores
cando as follas non son más que esqueletes no luar.

Nos arpegos das augas do Beelle,
cando a noite non é más que orballo,
e a terra é coma un reloxo que marca de vagar o tempo

agardote submiso,

desexando que volvan aqueles anos da nenez,
cando un beixo, unha mirada...
eran chuvia,

vento,
orballo...

eran alba,
abrente,
aleluia...

eran todo ti e a túa presencia.

Na Ría de Ares agárdote submiso
espreitando entre as ondas
a sombra dos teus pasos,
agochado tralo teu recordo,
fundido en cada golpe de mar.

Marchabamos berrando polas rúas da Cidade Vella,
conxestionados, cuspindo consignas, acirrados,
enarborando bandeiras, ondeando pendóns, acaroando voces.

A contenda agardaba no estadio,
30.000 seareiros e once guerreiros,
o campo de batalla, húmido e verde,
os silencios marcando o tempo,
os berros marcando o ritmo.

No fondo sur agardaba por ela cada domingo,
non había máis emoción que a súa mirada,
non había máis lide que o noso amor,
un amor de noventa minutos, de bancada,
de mudez entre bruídos sen sentido,
un amor que non reparaba no triunfo.

Fende a terra o peregrino
na pegada do seu paso
vai a grolos debullando
cada anaco do camiño.

Camiños a Santiago
ronsel de anceios eternos
de vagar van camiñando
peregrinos e romeiros.

Na luzada que vos guía
un jjultreya !! van berrando
paso a paso vagariño
a Compostela camiño.